

9 CALES FORON AS FASES DA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL?

OBXECTIVO

Comprender como as potencias do Eixe levaron a cabo un proxecto de expansión territorial que implicaba a aniquilación dos seus inimigos, e como os Aliados conseguiron vencer na II Guerra Mundial.

As causas da guerra hai que buscalas no expansionismo de Alemaña e do Xapón, que aspiraban a construír un grande imperio, aniquilar violenta e masivamente os seus inimigos e impoñer nos países conquistados un réxime totalitario.

O esforzo de guerra dos Aliados (EUA, URSS, Reino Unido e Francia), axudado pola resistencia civil, conseguiu vencer militarmente as potencias do Eixe e derrocar os réximes autoritarios (nazismo, fascismo, imperialismo xaponés).

A Segunda Guerra Mundial implicou enormes perdas humanas e económicas e fixo evidente o horror ao que podían chegar os países civilizados. A posta en marcha dos xuízos de Nuremberg e a creación da ONU aspiraban a un novo mundo baseado no compromiso ao respecto dos dereitos humanos.

RELACIONA AS IDEAS

1. Que ideas xustificaron o expansionismo de países como Alemaña, Italia e o Xapón?
2. Que grandes fases se poden distinguir na guerra?
3. Como se manifestou a violencia nazi durante a guerra?

TIRA CONCLUSIÓN

4. Por que a Segunda Guerra Mundial é considerada como unha guerra de aniquilación do inimigo? Compáraa coa Primeira Guerra Mundial.

CAUSAS

CAUSAS A LONGO PRAZO

- A crise económica do período de entreguerras.
- O ascenso das formas ditatoriais en Europa, especialmente do fascismo en Italia e do nazismo en Alemaña.
- A debilidade das democracias occidentais e a súa política de calma fronte ao expansionismo nazi, que permitiu a escalada de agresións en Europa.
- O expansionismo do Imperio xaponés en Asia.



Cartel de propaganda das Juventudes Hitlerianas, 1930.

DESENVOLVEMENTO

OFENSIVAS DO EIXE

- "Guerra lóstrego" e grandes conquistas en Europa e no norte de África.
- Batalla de Inglaterra (1940). Alemaña desiste de invadir a illa.
- Submisión dos países conquistados. Réxime de terror e explotación de recursos materiais e humanos.



- Persecución dos xudeus en toda Europa. Deportación a campos de concentración e posterior exterminio.
- Invasión da URSS. Freo do avance alemán (1943).

Superviventes do campo de Ebensee (Austria).

EFFECTOS INMEDIATOS

DEMOGRÁFICOS

- Entre 40 e 65 millóns de mortos.
- 35 millóns de feridos e mutilados.
- Máis de 30 millóns de persoas desprazadas.

ECONÓMICOS

- Devastación de industrias, terras de cultivo e cidades.
- Descenso da produción agrícola e industrial.
- Destrución das infraestruturas.
- Endebedamento e inflación.



Saint-Lô, Francia.

CONSECUENCIAS

CAUSAS A CURTO PRAZO

POLÍTICA EXPANSIONISTA

Alemaña

- Abandono da SDN.
- Intervención na Guerra Civil española.
- Anexión do Sarre e remilitarización de Renania.
- Anexión de Austria (Anschluss).
- Ocupación dos Sudetes e participación de Checoslovaquia.
- Invasión de Polonia.

Italia

- Intervención na Guerra Civil española.
- Invasión de Abisinia.
- Abandono da SDN.


Xapón

- Invasión de Manchuria.
- Abandono da SDN.
- Intervención da China.
- Bombardeo de Pearl Harbor.

ALIANZAS

- Pacto de Aceiro (Alemaña, Italia, o Xapón).
- Aliados (Francia e Gran Bretaña). Posterior incorporación da URSS e dos EUA.

SEGUNDA GUERRA MUNDIAL



CONTRAOFENSIVAS ALIADAS

- 1943. Batalla de Stalingrado (URSS). Retroceso do exército alemán. Avance soviético cara ao oeste.
- Desembarque anglo-estadounidense no norte de África e no sur de Italia.
- 1944. Desembarque estadounidense en Normandía. Avance das tropas anglo-estadounidenses cara ao oeste.
- Guerra no Pacífico contra o Xapón.
- Maio de 1945. Afundimento de Alemaña e Italia. Capitulacións.
- Agosto de 1945. Bombas atómicas sobre Hiroshima e Nagasaki. Capitulación do Xapón.

RESISTENCIA

- Presenza dunha resistencia ao dominio nazi (partisanos, maquis) que lles ofrecía o seu apoio aos exércitos aliados.
- Importante papel na liberación dalgúns países ocupados (Grecia, Iugoslavia, Italia).



Maquis en Francia.

ORGANIZACIÓN DA PAZ INTERNACIONAL

CONFERENCIAS

- Conferencias de Teherán, Yalta e Potsdam.
- Xurdimento de dúas superpotencias (EUA e URSS) e división do mundo en bloques.

NOVA ORDE MUNDIAL

- Creación da ONU para preservar a paz e a seguridade internacionais e, así mesmo, para fomentar a cooperación entre os Estados.
- Organización de tribunais internacionais para levar a xuízo os responsables da barbarie.

Nós, os pobos das Nacións Unidas, decididos a preservar as xeracións vindeiras do flaxelo da guerra, cuxo sufrimento indescribible padecemos dúas veces ao longo das nosas vidas; decididos a reafirmar a fe nos dereitos fundamentais do home, na dignidade e no valor dos seres humanos, na igualdade dos dereitos de homes e mulleres e das nacións grandes e pequenas (...).

Carta das Nacións Unidas, 26 de xuño de 1945.